



Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia.


Fichas descritivas



Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas

**Pablo Ramil Rego
Manuel Antonio Rodríguez Guitián
Javier Ferreiro da Costa
Marco Rubinos Román
Luis Gómez-Orellana Rodríguez
Belén de Nóvoa Fernández
Boris Alejandro Hinojo Sánchez
Susana Martínez Sánchez
Carmen Cillero Castro
Ramón Alberto Díaz Varela
Patricia María Rodríguez González
Castor Muñoz Sobrino**

**GI-1934 TTB
Universidade de Santiago de Compostela**



Monografías do IBADER - Lugo 2008

Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas

Primeira edición: 2008

Autores: Pablo Ramil Rego; Manuel Antonio Rodríguez Guitián; Javier Ferreiro da Costa; Marco Rubinos Román; Luis Gómez-Orellana Rodríguez; Belén de Nóvoa Fernández; Boris Alejandro Hinojo Sánchez; Susana Martínez Sánchez; Carmen Cillero Castro; Ramón Alberto Díaz Varela; Patricia María Rodríguez González; Castor Muñoz Sobrino

A efectos bibliográficos a obra debe citarse:

Ramil Rego, P.; Rodríguez Guitián, M.A.; Ferreiro da Costa, J.; Rubinos Román, M.; Gómez-Orellana, L.; de Nóvoa Fernández, B.; Hinojo Sánchez, B.A.; Martínez Sánchez, S.; Cillero Castro, C.; Díaz Varela, R.A.; Rodríguez González, P.M. & Muñoz Sobrino, C. (2008). Os Hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas. Monografías do Ibader. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo

Deseño e Maquetación: GI-1934 TTB - IBADER

Fotografía: Arquivo fotográfico GI-1934 TTB - IBADER

Ilustracións: GI-1934 TTB - IBADER

ISSN edición impresa: 1888-5810

ISSN edición dixital: 1988-8341

<http://www.ibader.org>

Depósito Legal: C 173-2008

Edita: IBADER. Instituto de de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural. Universidade de Santiago de Compostela, Campus Universitario s/n. E-27002 Lugo, Galicia.

<http://www.ibader.org>

Copyright: Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER).

Colabora:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
I N L U D E S



IBADER
Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural

2 Dunas marítimas e continentais

2130* Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)

Correspondencias

Paleartic	16.221 a 16.227.
Ramsar	---
IHG	---

Denominación oficial

Inglés	Fixed coastal dunes with herbaceous vegetation (grey dunes).
Castelán	Dunas costeras fijas con vegetación herbácea (dunas grises)

Denominación vulgar

Galego	Dunas fixas.
Castelán	Dunas grises.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Dunas fixas, estabilizadas e colonizadas por vexetación herbácea máis ou menos densa que crece entre alfombras de liques e brións, das costas atlánticas (e da Canle da Mancha) entre o Estreito de Xibraltar e Cap Blanc Nez, e das costas do Báltico e Mar do Norte. No caso da costa termo-atlántica, inclúese en *Euphorbio-Helichrysion* (16.222 - litoral termo-atlántico ata a Bretaña Francesa) e *Crucianellion maritimae* (16.223 - dende o Estreito de Xibraltar ata Cabo Prior-Galicia).

Subtipos:

- 16.221: Dunas grises con céspedes e comunidades de *Galio-Koelerion albescentis* (*Koelerion albescentis*), *Corynephorion canescentis* p., *Sileno conicae-Cerastion semidecandri*.
- 16.222: Dunas grises Biscaíñas (*Euphorbio-Helichrysion stoechadis*).
- 16.223: Dunas grises termo-atlánticas (*Crucianellion maritimae*).
- 16.225: Pasteiros de dunas atlánticas (*Mesobromion*).
- 16.226: Orlas herbáceas de dunas atlánticas: *Trifolio-Geranietae sanguinei*; *Galio maritimi-Geranium sanguineum* formations.
- 16.227: Comunidades anuais graminoides sobre dunas (*Thero-Airion* p., *Nardo-Galion saxatile* p., *Tuberarion guttatae* p.)

A vexetación pode presentar un aspecto próximo a pradarias graminoides, pasteiros abertos terofíticos ou estar dominada por brións e liques; o contido en calcio (Ca^{2+}) pode variar moito e polo xeral diminúe co tempo e os estadios da sucesión cara a sistemas de dunas pardas (matogueiras sobre dunas).

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.

Sistemas dunares costeiros con escasa ou nula mobilidade do substrato areoso, situadas en posición intermedia entre as "dunas brancas" e as "dunas pardas".

Fisionomía e estrutura.

Trátase de dunas estables cubertas por vexetación dominada por liques, brións e plantas vasculares herbáceas que en conxunto presenta unha cobertura moi elevada. Entre os cormófitos máis característicos pódense citar *Helichrysium picardii*, *Artemisia crithmifolia*, *Othanthus maritimus*, *Scrophularia frutescens*, *Crucianella maritima*, *Pancreatium maritimum*, *Leontodon taraxacoides*, *Ammophila arenaria* subsp. *australis*, *Eryngium maritimum*, *Medicago mariñar*, *Linaria caesia* subsp. *decumbens*, etc.

Variabilidade.

Nas áreas de tendencia máis xeroterma obsérvase a presenza de *Corema album*.

2 Dunas marítimas e continentais

2130* Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Liques:

Cladonia spp.

Bríons:

Tortula ruraliformis

Plantas:

Aira spp., *Anacamptis pyramidalis*, *Bromus hordeaceus*, *Carex arenaria*, *Cerastium* spp., *Corynephorus canescens*, *Erodium glutinosum*, *Erodium lebelii*, *Galium verum*, *Gentiana campestris*, *Gentiana cruciata*, *Koeleria* spp., *Milium scabrum*, *Myosotis ramosissima*, *Ononis repens*, *Phleum arenarium*, *Polygala vulgaris* var. *dunensis*, *Silene conica*, *Silene otites*, *Trifolium scabrum*, *Tuberaria guttata*, *Viola curtisii*, *Viola rupestris* var. *arenaria*.

Especies indicadoras para Galicia

Liques:

Cladonia spp.

Plantas:

Ammophila arenaria subsp. *australis*, *Artemisia crithmifolia*, *Corema album*, *Crucianella maritima*, *Eryngium maritimum*, *Helichrysum picardii*, *Leontodon taraxacoides*, *Linaria caesia* subsp. *decumbens*, *Medicago marina*, *Othanthus maritimus*, *Pancratium maritimum*, *Scrophularia frutescens*.

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Plantas:

*Omphalodes littoralis**, *Spiranthes aestivalis*.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE AMMOPHILETEA

Orde Crucianelletalia maritimae

Alianza Crucianellion maritimae

Subalianza Helichrysion picardii

As. *Scrophulario-Vulpietum*

CLASE KOELERIO-CORYNEPHORETEA

Orde Corynephoretalia canescentis

Alianza Koelerion albescentis

As. *Linario polygalifoliae-Corynephorum canescentis*

Hábitats asociados ou en contacto

Este tipo de hábitat establece contacto, polo xeral, con dunas brancas (2120), dunas descalcificadas (2150*) e queirogais secos europeos (4030). Máis raramente faino con afloramentos rochosos silíceos (8220) ou formacións de megaforbios éutrofos (6430).

2 Dunas marítimas e continentais

2130* Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat presente nos países ribeiráns do Océano Atlántico, Mar Báltico, Mar do Norte e Mar Mediterráneo.


Distribución en Galicia

Hábitat amplamente distribuído ao longo dos sistemas dunares do litoral.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Presente en grande parte dos espazos costeiros.

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




2 Dunas marítimas e continentais


2130* Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



2 Dunas marítimas e continentais

2130* Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	Cod.	Denominación	Prov.
ES1110001	Ortigueira-Mera	C ●	ES1120015	Serra do Xistral	Lu
ES1110002	Costa Ártabra	C ●	ES1120016	Río Cabe	Lu
ES1110003	Fragas do Eume	C	ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu ●
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	ES1130001	Baixa Limia	Ou
ES1110005	Costa da Morte	C ●	ES1130002	Macizo Central	Ou
ES1110006	Complexo Corrubedo	C ●	ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C ●	ES1130004	Pena Veidosa	Ou
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C ●	ES1130005	Río Támega	Ou
ES1110009	Costa de Dexo	C	ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou
ES1110010	Estaca de Bares	C ●	ES1130007	Pena Trevinca	Ou
ES1110011	Esteiro do Tambre	C ●	ES1130008	Pena Maseira	Ou
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C ●	ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou
ES1110013	Xubia-Castro	C	ES0000001	Illas Cíes	Po ●
ES1110014	Serra do Careón	C	ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po
ES1110015	Río Anllóns	C	ES1140002	Río Lérez	Po
ES1110016	Río Tambre	C	ES1140003	A Ramallosa	Po ●
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po ●
ES1120002	Río Eo	Lu	ES1140005	Monte Aloia	Po
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	ES1140006	Río Tea	Po
ES1120004	A Marronda	Lu	ES1140007	Baixo Miño	Po ●
ES1120005	As Catedrais	Lu ●	ES1140008	Brañas de Xestoso	Po
ES1120006	Carballido	Lu	ES1140009	Cabo Udra	Po ●
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	ES1140010	Costa da Vela	Po ●
ES1120008	Monte Faro	Lu	ES1140011	Gándaras de Budiño	Po
ES1120009	Monte Maior	Lu	ES1140012	Illas Estelas	Po
ES1120010	Negueira	Lu	ES1140013	Serra do Candán	Po
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	ES1140014	Serra do Cando	Po
ES1120012	Río Landro	Lu	ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po
ES1120013	Río Ouro	Lu ●	ES1140016	Enseada de San Simón	Po
ES1120014	Canón do Sil	Lu			

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	Cod.	Denominación	Prov.
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrado	C ●	ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C ●	ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C ●	ES0000437	Pena Trevinca	Ou
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C ●	ES0000001	Illas Cíes	Po ●
ES0000085	Ribadeo	Lu	ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po ●
ES0000373	Ría de Foz	Lu	ES0000254	Illa de Ons	Po ●
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu ●	ES0000375	Esteiro do Miño	Po ●
ES0000374	Ancares	Lu			

2 Dunas marítimas e continentais

2130* Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Aspecto estival dunha duna gris (hábitat 2130*) no que se aprecia o mosaico formado pola vexetación dominada por plantas criptógamas (brións, líques) e por especies de plantas vasculares herbáceas (Praia de Morouzos, Ortigueira).



Vista xeral de cordóns dunares estabilizados (dunas grises), exemplo do hábitat "2130* Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)". Praia da Ladeira (Ribeira).

2 Dunas marítimas e continentais

2130* Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Os areais costeiros en xeral foron utilizados dende antigo para a provisión de area destinada á construción. Con frecuencia este tipo de hábitat é utilizado como lugar de acceso ás praias para o seu desfrute turístico-recreativo.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

O grao de cobertura da vexetación e a súa composición florística son fieis indicadores do estado de conservación do hábitat.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

O tránsito de persoas, gando e vehículos a través das dunas grises provoca alteracións graves sobre a vexetación, favorecendo a extensión de dunas non estabilizadas e a xeneralización de fenómenos erosivos de natureza eólica. Dentro do ámbito galego xeneralizouse a transformación dos sistemas de dunas grises en lugares acondicionados para actividades turísticas e recreativas (aparcamentos, vestiarios e instalacións hixiénicas, xardíns, paseos marítimos, etc.) que contribúen moi negativamente á súa conservación.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

A ausencia de pisoteo e pastoreo contribúen ao mantemento do estado de conservación favorable deste hábitat.

Bibliografía

Bellot (1968), Álvarez Díaz (1972), Valdés-Bermejo & Silva-Pando (1986), Izco et al. (1988, 1989, 1992, 1993, 2000), Guitián (1989), Soñora (1989), Guitián et al. (1989), Guitián & Guitián (1990), Izco (1992), Sánchez Fernández (1991, 1995), Díaz González & Fernández Prieto (1994, 2002), Izco & Sánchez (1996), Míguez Rodríguez et al. (1996), Rodríguez-Oubiña et al. (1998), Sanmartín Bienzobás & Lago Canzobre (1998), Cortizo & Sahuquillo (1999), VV.AA. (2003) e datos propios.

